

## **BASES CONCURSO DE NADAL DE TIK TOK**

### **OBXECTO**

O obxecto da presente convocatoria é a realización dun concurso de Tik Tok na programación do Nadal da Casa da Xuventude. Será unha cita dirixida a xuventude de Lugo co fin de que se difundir outra forma de divertirse na casa.

O certame terá lugar dende o día 29 de decembro ata o 9 de xaneiro. Todas a persoas participantes deberán subir o tik tok a plataforma de tik tok, instagram e facebook co hanstag #nadalnacasa

### **REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poden presentarse a este certame todos os mozos e mozas de 14 a 35 anos, empadroados no Concello de Lugo, ou que traballen ou estuden no municipio.

A participación pode ser de forma individual ou como unha formación de 3 persoas como máximo.

As e os menores de 18 anos precisarán permiso dos pais, nais ou titores/as( poden solicitar a autorización nos seguintes teléfonos : 982297444 e 982297496. Unha vez cuberta a autorización e antes de subir o tik tok, deberán de enviala a seguinte dirección de correo : xuventude @lugo.gal

### **PRAZO**

O certame terá lugar dende o día 29 de decembro ata o 9 de xaneiro inclusive .

### **XURADO CALIFICADOR**

O xurado calificador estará composto por tres profesionais cualificados.

**AREA DE COHESION SOCIAL**

mjp

Ref: XUVENTUDE

Asunto: bases concurso de tik tok nadal

Haberá tres premios en cada unha das formas:

- Forma individual: 20 € para gastar nunha comida ou cea en calquera dos establecementos de restauración da cidade.
- Forma colectiva : 60 euros gastar nunha comida ou cea en calquera dos establecementos de restauración da cidade.

En calqueira dos casos non se incluírán bebidas alcohólicas.

**DISPOSICIÓNS FINAIS**

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do mesmo.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que se publicarán en [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal). será resolta pola organización.